



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A ENTIDADE EDITORIAL LA CAPITAL, SL, EDITORA DOS XORNAIS “EL IDEAL GALLEGO”, “DIARIO DE FERROL”, “DIARIO DE AROUSA” E “DIARIO DE BERGANTIÑOS”, PARA ELABORAR E PUBLICAR INFORMACIÓN RELACIONADA CON ESTRATEXIAS, PROGRAMAS E/OU INICIATIVAS DA CONSELLERÍA E ACTIVIDADES DA XUNTA DE GALICIA QUE RESULTEN DE INTERESE PARA A CIDADANÍA**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O/A secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que este/a Consellería de Economía, Emprego e Industria ten previsto formalizar coa entidade EDITORIAL LA CAPITAL, SL o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 15 de setembro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a entidade Editorial La Capital, SL para informar sobre estratexias, programas e/ou iniciativas da consellería en materias como a eficiencia enerxética, o respecto ao medio ambiente, a innovación e a dinamización empresarial e que resulten de interese para a cidadanía, xa sexa mediante texto, monográficos ou gráficos, nun mínimo de 11 reportaxes ou entrevistas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas e desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por iso acadan unha específica resonancia social.

A Xunta de Galicia en xeral e a Consellería de Economía, Emprego e Industria en particular, amósanse receptivas con todo aquilo que signifique estudo, información e documentación que





contribúa a achegar á cidadanía galega o coñecemento das actividades que se levan a cabo desde a Xunta de Galicia e que poidan resultar do seu interese por centrarse en materias como a eficiencia enerxética, o respecto ao medio ambiente, a innovación e a dinamización empresarial.

Por outra banda, a entidade Editorial La Capital, SL realiza unha labor de información e comunicación na área de influencia que abrangue a súa distribución das actuacións da administración autonómica, en xeral, e da Consellería Economía, Emprego e Industria en particular, por considerar de importancia a difusión, entre os seus lectores, de aspectos relacionados coas materias da competencia dela.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2017

*(asinado dixitalmente)*

